

# Melide, a excepción dunha comarca que xira á esquerda

As urnas falárono o 24 de maio e quixeron que a comarca virase á esquerda: cambio histórico en Sobrado, onde a dereita perdeu o poder despois de 16 anos, bipartito progresista en Toques e vitoria nacionalista en Santiso. A excepción a esta tendencia, Melide, onde o PP repetiu maioría absoluta cun contundente 59% dos votos para converterse en referente mesmo no panorama político galego. Ánxeles Vázquez sae reforzada. P8-12



### EMPRESA

Socios críticos cuestionan a legalidade das eleccións de Asetem-Cca P3

### MELIDE

O Museo fará rutas nocturnas para afondar no imaxinario da zona vella P18

### CULTURA

O mestre do IES Paco Veiga recibe o Premio á Defensa do Idioma P16

### ENTREVISTA



**Sandra Mejuto,**  
Albergue  
Vilela P23

### Tesón e traballo para asentarse a tradición das alfombras



Máis de trinta persoas colaboraron este ano baixo a coordinación da Asociación Cultural Charamela na confección dos tapices que adornaron o casco vello. P15

### Os Melidaos presentan novo disco: *Festa na Codeseira*



Máis da metade das pezas foron compostas por eles mesmos, nun traballo persoal e "arriscado" que reproduce o son puro e natural da música tradicional. P21

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS  
TERRA DE MELIDE**

*25 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca*

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

## Editorial

### Autónomos contra as cordas

Corren malos tempos para o autónomo... se é que algunha vez os ventos sopraron a favor para quen traballa por conta propia e escolleu un xeito de ganarse a vida repleto de obstáculos. Aos moitos que se poderían enumerar nese exercicio de resistencia que consiste en ser autónomo ou Peme, engádense dende hai un par de anos unhas inspeccións fiscais e laborais cada vez máis exhaustivas, inflexibles e recorrentes. O foco dos ministerios de Facenda e de Traballo está posto sobre a cabeza dos máis pequenos.



Malagón

É perfectamente entendible a loita contra a fraude fiscal e a economía sumerxida, aínda que só sexa polo feito de evitar que os que os pagamos teñamos que soportar as cargas de quen non o fai. Mais ese nobre obxectivo non debe exercerse a toda costa. Non cando se fai dende a inflexibilidade e aplicando criterios suxeitos á libre interpretación de cada inspector que xeran unha grande inseguridade xurídica. Non cando cuestionar o mínimo detalle afecta ao normal desenvolvemento da actividade e a complica aínda máis.

Os propios profesionais denuncian o que comeza a parecer unha caza de bruxas, como tamén o fan as asesorías laborais e fiscais. Lonxe de ser unha simple percepción, os

datos apuntan na mesma dirección e segundo recolle un informe elaborado polo Sindicato de Técnicos do Ministerio de Facenda (Gestha) as inspeccións fiscais da Axencia Tributaria fíxanse sobre todo en "autónomos, pequenas empresas, pensionistas e traballadores", ata o punto de que 3 de cada 4 inspeccións se centran nestes colectivos. Estes datos contrastan cos que ofrece outro informe feito polo mesmo sindicato no que se conclúe que as grandes empresas e fortunas concentran o 71,8% da fraude fiscal total de España, o que supón unha perda recadatoria para o Estado de 42.000 millóns de euros anuais.

O interese por combater a fraude é sempre plausible,

incluso logo de comparar os datos expostos e anoxarse ao ver a rixidez coa que se trata ao pequeno e a laxitude que se lle aplica ao grande. A cuestión é poñer o foco onde realmente se necesita desfacer a sombra. Dous deses lugares indícanolos o informe do Gestha: grandes empresas e grandes fortunas. O terceiro ben poderían ser os negocios pantasma, eses que non existen a ollos da Seguridade Social e que compiten de forma desleal cos autónomos.

Se a loita contra a fraude non ataca onde debe facelo, córrese o risco de lanzar unha mensaxe contraria ao obxectivo que se pretende. Que compensa máis? Mergullarse na economía sumerxida ou afogar na economía en superficie?

## Tribuna de opinión

### Paus nas rodas

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



A última asemblea ordinaria de Asetem foi o claro exemplo do que non debe acontecer nunca nunha asociación. O que debería ter sido un encontro para falar de propostas, de obxectivos, para intercambiar ideas e facer críticas que axuden a mellorar, converteuse nun intercambio de reproches con sabor a vendeta e excesiva implicación persoal que pouco ou nada teñen que ver co interese xeral dos socios.

O detonante foron as eleccións á xunta directiva celebradas hai agora un ano e que tiveron na súa última edición unha certa compoñente de polémica. É lóxica a discrepancia nunha entidade viva e dinámica como Asetem, é lóxico que existan diferentes alterna-

tivas e lóxico tamén é que se produzan friccións. Todo iso forma parte da normalidade. O que está fóra dela e non ten lóxica ningunha, é que esas discrepancias e friccións se arrastren no tempo e se empreguen para poñer paus nas rodas e lanzar dúbidas sobre a lexitimidade da xunta directiva, sobre o funcionamento da asociación e incluso sobre os seus traballadores. Fraco favor se lle fai a Asetem.

Hai que saber perder e hai que saber estar á altura dunha asociación con 25 anos de historia que o que máis precisa nestes momentos é que todos os esforzos que se fagan sexan para construír e non para destruír, para unir e non para dividir. Canto mellor nos iría...

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Iván G. Blanco

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓN:** Marcus Fernández, Minia Varela, María Fernández

**AGRADECIMENTOS:** Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

## ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-ELECCIÓN MUNICIPAL.....	8
-MELIDE.....	13
-CULTURA E LECER.....	16
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

## Socios críticos cuestionan a legalidade das eleccións celebradas en Asetem hai un ano

A candidatura derrotada denuncia irregularidades e pide cambios

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) celebrou o pasado 18 de xuño asemblea xeral ordinaria. A cita serviu como marco para traer de novo a primeiro plano as eleccións á xunta directiva celebradas hai agora xustamente un ano e nas que Manuel Vázquez se proclamou presidente da patronal co apoio do 69% dos votantes.

Membros da candidatura derrotada aproveitaron a convocatoria da asemblea para poñer de manifesto ante os socios asistentes que se produciron irregularidades nos comicios de 2014 e para pedir que se fagan cambios no procedemento de futuras citas electorais. Elena Quintas, a daquela aspirante a presidir a asociación, denunciou que a mesa de votación “se contituyó de forma contraria a los estatutos” e acusou ao equipo de Manuel Vázquez de cometer irregularidades en relación cos votos delegados: “hubo votos de no socios, votos sin el nombre del establecimiento y votos con firmas escaneadas”, explicou.

Nesa liña, outro dos socios críticos, José Quintas, asegurou ter constancia de que “hubo votos recollidos antes de convocar as eleccións e outros recollidos en branco”. A isto engadiu que o voto delegado “non aparece nos estatutos; é unha chapuza, unha trampa” e demandou que se suprima. “Hai que facer as cousas legais”, dixo. En base a todo isto Elena Quintas concluíu que “la asemblea se podría ha-



A xerenta, o secretario, o presidente e o tesoureiro de Asetem durante o transcurso da asemblea

ber impugnado” e pediu “que esto no se vuelva a repetir”.

### Dentro da legalidade

Os membros da xunta directiva, e integrantes da candidatura ganadora en 2014, rexeitaron de plano as críticas argumentando que as eleccións se desenvolveron dentro da legalidade e seguindo o mesmo procedemento que se empregou en convocatorias anteriores. “Admitimos que se poidan facer cambios, pero non que se diga que é unha fraude algo que sempre valeu. Por que non vale agora?”, dixo Juan Carlos Casal, contador da patronal.

Máis explícito foi o presidente de Asetem, Manuel Vázquez, quen despois de recordar que o voto delegado é un procedemento legal e admitido pola maioría de organismos asociativos, engadiu que “aquí hai algo que non

cadra: cando Elena Quintas estaba na mesma candidatura ca nós nunca houbo problemas cos votos delegados. Agora que montou outra e perdeu, si que hai problemas”. Dun xeito semellante se manifestou o secretario da patronal, José Ramón Villamor, quen considera que as críticas están fóra de lugar: “o que tiñades que facer era impugnar a asemblea naquel momento se o considerabades oportuno, pero non vir con isto un ano despois”.

### Suba de cotas

Á marxe das polémicas, a asemblea ratificou a suba de 5 euros nas cotas mensuais que pagan os asociados e que se fixo efectiva a principios de 2015 por decisión da xunta directiva. Non obstante, a maioría de socios asistentes coincidiu á hora de sinalar que o procedemento empregado

non foi o axeitado e que a suba das cotas se debería ter votado previamente en asemblea e non ser aprobada de xeito unilateral pola xunta directiva.

Na reunión tamén se acordou tomar a iniciativa para buscar o xeito de excluír o polígono da Madanela da área de protección medioambiental na que se atopa. Do mesmo xeito, os socios pediron que se busque a maneira de “confluir mellor” co Concello para poder traballar conxuntamente “de verdade”. Por outra banda, a xunta directiva manifestou a súa intención de recuperar o Salón da Voda de cara ao mes de novembro e fixo públicos os resultados dunha enquisa realizada pola patronal entre os seus socios e da que se desprende, entre outras conclusións, que os tres servizos máis valorados son o xornal Cerne, a tramitación gratuíta de axudas e os cursos de formación.

**A XUNTA REFORZA O PROGRAMA “GALICIA 1000” DE APOIO A PEQUENAS EMPRESAS**

A Xunta de Galicia vén de anunciar que as achegas ao programa *Galicía 1000*, que ten como obxectivo reforzar e apoiar as pemes e os emprendedores dende o punto de vista financeiro, se van incrementar nun 50% e que mobilizará 300 millóns en proxectos empresariais, tres veces máis ca o ano pasado.

O goberno galego estima que eses 300 millóns de euros, dos que a Xunta porá 75, axudarán a 1.100 empresas a “consolidar proxectos dos emprendedores e as pemes”, ademais de impulsar a súa internacionalización e xerar novos investimentos no sector industrial. Para conseguir eses obxectivos, o plan *Galicía 1000* inclúe 5 ferramentas: fondos de capital risco, préstamos Jeremie (con intereses do Euríbor +0,1% a dez anos), liñas de préstamo do Banco Europeo de Investimentos, bonificacións nos tipos de interese e acompañamento a empresas para pedir financiamento.

Este plan forma parte da estratexia do goberno galego para que “a recuperación económica teña máis ritmo” e súmase a outras medidas como a rebaixa no prezo do solo empresarial (tal e como xa aconteceu no polígono da Madanela) ou a redución de trámites que recolle a Lei do Emprendedor.



**HOTEL BALNEARIO**  
**RIO PAMBRE** ★ ★ ★

Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo

Tel.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98

E-mail: [info@balnearioriopambre.com](mailto:info@balnearioriopambre.com)

Web: [www.balnearioriopambre.com](http://www.balnearioriopambre.com)

## Asetem e Plagostel asinan convenio en materia de hixiene alimentaria

As esixencias en materia de hixiene son cada vez maiores para os establecementos comerciais, especialmente para aqueles que, como cafeterías, panaderías ou restaurantes, teñen como actividade básica a manipulación de alimentos.

O control de pragas, da potabilidade da auga, a hixiene de superficies ou o correcto funcionamento dos circuitos de auga quente son aspectos que a maioría de negocios deben de vixiar ao máximo para evitar sancións e ofrecer as máximas garantías de calidade de cara ao cliente.

Na súa preocupación por facilitar ao máximo o cumprimento da normativa, Asetem vén de asinar un convenio de colaboración coa empresa viguesa Plagostel, a través do cal os socios da patronal se poderán beneficiar de importantes descontos na contratación de numerosos servizos relaciona-



Manuel Vázquez (Asetem) e Iago Alonso (Plagostel)

dos coa hixiene alimentaria.

Plagostel ofrece un desconto mínimo do 20% do prezo de mercado ou do último importe contratado. Non obstante, dependendo dos servizos, nalgúns casos a rebaixa nos prezos pode chegar ao 50%. Moitos deles inclúen un

período de garantía, asistencia sen custo en caso de emerxencia ou asesoramento gratuíto.

Os negocios interesados poden obter máis información acudindo ás oficinas da patronal ou poñéndose en contacto con Plagostel e indicando que son socios de Asetem.

### SERVIZOS CON DESCONTOS

- **CONTROL DE PRAGAS:** ratos, insectos e desinfeccións.
  - Entrega da documentación sanitaria acreditativa.
  - En caso de urxencia, asistencia nun prazo inferior a 48 horas sen ningún custo.
- **SERVIZO DE CONTROL ANALÍTICO**
  - Análise microbiolóxico de comidas preparadas e pastelería, control de hixiene de superficies, control de análise de legionela, control de potabilidade de auga e augas de piscinas.
  - Inclúe asesoramento, interpretación de resultados e recollida gratuíta nas instalacións.
- **SISTEMAS APPCC**
  - Elaboración e implantación de sistemas de Análises de Perigos e Puntos de Control Críticos (APPCC), requisito obrigatorio para todos os locais onde se elaboren e manipulen alimentos destinados ao consumo polo público xeral.
  - Inclúe unha garantía do traballo realizado ata a primeira inspección sanitaria.
- **CONTADORES HIXIÉNICOS FEMININOS**
  - Recollida, reposición e desinfección mensual.
  - Achega de contadores, propiedade de Plagostel.
- **DESINFECCIÓN DE LEXIONELA**
  - Auga quente sanitaria: desinfección térmica anual e desinfección química semestral de bañeiras, spas e hidromasaxe.

### ADOPCIÓN DE CANS ABANDONADOS

Axúdalles a atopar o fogar que merecen



Lady é unha cadela mastín atigrada que chegou a Melide dende Palas de Rei cuns peregrinos. É moi educada e cariñosa. Viña preñada e tivo 11 cachorros. En canto cumbran os dous meses, os cadeliños serán dados en adopción, debidamente desparasitados e vacinados. Tamén a nai está en adopción. Só serán entregados a aquelas persoas que se comprometan a poñerlles o chip (obrigatorio por lei) e a darlles unha boa calidade de vida.



Tlf. de contacto: **639 97 10 05**

Visita a páxina de Facebook  
"CANS PERDIDOS EN MELIDE"

**CHINCHES?**

**MOSCAS?**

**CARCOMA?**

**ROEDORES?**

**CUCARACHAS?**

**Plagostel**  
H.I.E. 2017 DAL S.C.

calidade e hixiene alimentaria

comercial@plagostel.com | 698 163 399

www.plagostel.com

## COS CINCO SENTIDOS

### Consellos para a prevención de riscos laborais

*María Botana Rocamonde*

Responsable do Servicio de Prevención de Riesgos Laborales da Confederación de Empresarios de A Coruña



### 3. Previr é a mellor postura

Cada día miles de traballadores/as teñen que repetir unha e outra vez os mesmos movementos durante a xornada laboral, o que orixina un factor de risco que ten consecuencias evidentes para a saúde.

Na industria pesada, na agroalimentaria e tamén en sectores como o sociosanitario e o de servizos, a manipulación de cargas é un factor de risco que pode producir lesións musculoesqueléticas no lombo, especialmente na zona dorsolumbar.

Os factores de risco son características do traballo que están presentes dunha forma moi intensa. Cunha alta frecuencia e/ou durante un tempo de exposición significativo, poden chegar a producir a aparición de trastornos musculoesqueléticos (TME). Estes dependen das seguintes condicións de traballo, tamén denominadas perigos, e poden ser: traballos repetitivos, levantamento de cargas, empuxe e arrastre de cargas, mobilización manual de persoas, posturas forzadas, aplicación de forza, etc...

En liñas xerais non existe un único factor que provoque a aparición de TME. Factores de risco xunto cunha recuperación insuficiente e factores persoais ou outros condicionantes físicos están na orixe deste tipo de trastornos que poden requirir longos períodos de rehabilitación e que supoñen un elevado custo humano e económico que non podemos permitir.

A realización de pausas de recuperación, a automatización dos procesos, o emprego de equipos mecánicos (como carretillas elevadoras, grúas ou mesas regulables), a redución do volume ou o redeseño da carga (engadíndolles asas ergonómicas ou outros elementos que fagan máis cómoda a súa manipulación) e a mellora da organización e do entorno de traballo son algunhas solucións eficaces que nos benefician a todos.

Para abordar os TME é necesario aplicar unha estratexia de prevención integral que se teña en conta non só no desenvolvemento das diferentes actividades, senón que se contemple xa nas fases de deseño dos postos de traballo e nos labores de mantemento. Por outra parte, tamén é necesario incluír na estratexia a rehabilitación e reincorporación de traballadores/as que xa sofren TME.

Por todo isto, previr é a mellor postura.

Normas legislativas nacionais que abordan a prevención de trastornos músculo esqueléticos:

- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Real Decreto 488/1997, de 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ao traballo con equipos que inclúen pantallas de visualización.
- Real Decreto 1215/1997, de 18 de xullo polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.
- Real Decreto 487/1997, de 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorsolumbares, para os traballadores.

## COMO MOBILIZAR CON ÉXITO OS PEQUENOS NEGOCIOS



O obradoiro impartíuse no Edificio Multiusos

A Cámara de Comercio de Santiago, en colaboración co Concello de Melide, organizou na vila a mediados de xuño un obradoiro gratuito sobre a xestión de pequenos e medianos negocios no que os participantes puideron acceder a algunhas das claves para dinamizar con éxito os negocios. O obxectivo da xornada, que durou catro horas, consistiu en ofrecer pautas para saber comportarse ante os cambios que se están a producir no sector e para mellorar o negocio en diferentes aspectos: visualmente, a nivel de vendas, na atención ao cliente ou na escolla do público ao que debemos dirixir os nosos produtos. Por outra banda, tamén se abordaron as novas tendencias á hora de vender e tanto os novos hábitos de consumo como os novos perfís de clientes que están aparecendo. Aprender a posicionar a imaxe de marca no mercado foi outro dos asuntos que se tratou no obradoiro.

## ASISTENCIA Á ENTREGA DO PREMIO "LIDERAZGO EMPRESARIAL"



O presidente da Xunta, o do Grupo Gadisa e o da CEC

O presidente de Asetem, Manuel Vázquez, trasladouse o pasado 2 de xuño ata a Finca Montesqueiro (Oleiros) para asistir á entrega do premio Liderazgo Empresarial, que cada ano entrega a Confederación de Empresarios da Coruña. O galardón, que ten por obxectivo recoñecer a traxectoria de persoas que teñan destacado polo seu carácter emprendedor e por contribuír ao progreso económico e social, recaeu na persoa de Roberto Tojeiro, presidente e conselleiro delegado do Grupo Gadisa. Ademais da traxectoria do galardoado, o xurado destacou a contribución de Gadisa á xeración de emprego nos últimos trinta anos. Na actualidade o grupo dispón de 370 puntos de venda en Galicia e Castela e León que dan servizo a 700.000 clientes e conta cunha plantilla de 6.450 persoas. En 2013 facturou 980 millóns.

...a peza que precisa a súa empresa

Solicite presupuesto sen compromiso !!

**laboral  
contable  
fiscal  
sucesións  
tráfico  
seguros**

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo  
15800 MELIDE A Coruña  
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314

info@ccxestion.com  
www.ccxestion.com

## Información laboral de interese

### OPCIÓN DE CONTRATACIÓN LABORAL MÁIS VANTAJOSAS: OS CONTRATOS FORMATIVOS

#### 1. CONTRATO PARA A FORMACIÓN E A APRENDIZAXE

Poderase celebrar un contrato de formación con:

- Traballadores con idade comprendida entre os 16 e os 30 anos.
- Que non teñan titulación, nin estivesen contratados en formación para o mesmo posto de traballo.

A cotización total deste contrato ascende a 97,96 €/mensuais; que poderá bonificarse na súa totalidade (empresas de menos de 250 traballadores), cando o traballador estea desempregado e inscrito na oficina de emprego.

Duración do contrato, entre 1 e 3 anos, podendo establecerse duracións distintas en convenio colectivo, sen que a duración mínima poida ser inferior a 6 meses nin a máxima a 3 anos.

É un contrato de xornada completa, que combina a prestación de traballo efectivo coa formación do traballador. O tempo de traballo efectivo non pode superar o 75% da xornada durante o 1º ano de contratación, nin o 85%, durante o 2º e 3º ano. Os traballadores non poderán realizar horas extraordinarias, quendas ou traballo nocturno.

A retribución do traballador será a fixada no convenio colectivo (como mínimo, o SMI), en proporción ao tempo de traballo efectivo.

#### 2. CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS

Poderase celebrar con traballadores que posúan título universitario ou de formación de grao medio ou superior para o posto de traballo, dentro dos 5 anos seguintes á finalización dos estudos (7 anos no caso de discapacitados). No caso de menores de 30 anos, non se establece esta limitación.

Duración: entre 6 meses e 2 anos (ben sexa na mesma ou en distinta empresa).

Xornada: a tempo completo o parcial.

Retribución: non poderá ser inferior ao 60% (1º ano de contrato) e ao 75% (2º ano de contrato) do salario fixado para dito posto de traballo no convenio colectivo de aplicación, e sempre co límite do SMI.

A cotización, no caso de contratación dun menor de 30 anos, terá unha redución dun 50% da cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns, durante toda a vixencia do contrato. Esta redución será do 75% cando o traballador estivese realizando prácticas non laborais no momento da celebración do contrato.

Exclusións das aplicación das bonificacións/reducións, comúns a ambas formas de contratación, entre outras:

**a)** Contratación do cónxuxe ou parentes, ata o 2º grao, do empresario (ou de quen ostente control empresarial, administración ou dirección de unha mercantil); coa salvedade do empresario autónomo que contrate a un fillo menor de 30 anos (que si estaría bonificado).

**b)** Contratación de un traballador que nos 24 meses anteriores prestase servizo na mesma empresa ou grupo mediante un contrato indefinido; ou nos 6 últimos meses, mediante un contrato temporal, formativo, de relevo ou substitución por xubilación.

**c)** Traballadores que finalizaran unha relación laboral indefinida noutra empresa nos 3 meses previos á contratación (salvo despido declarado ou recoñecido improcedente ou despido colectivo)

**d)** As empresas que extinguisen ou extingan contratos bonificados, mediante despido recoñecido ou declarado improcedente ou por despido colectivo, quedarán excluídas do acceso as bonificacións/reducións por un período de doce meses. Esta exclusión afectará a un número de contratos igual ó número de extincións producidas.

### XUBILACIÓN PARA AUTÓNOMOS OPCIÓN, COMPATIBILIDADES E INCOMPATIBILIDADES

#### **- XUBILACIÓN ORDINARIA.**

Actualmente, a idade de xubilación esixida

está en 65 anos, cando se acredite un período de cotización igual ou superior a 35 anos e 9 meses. No caso de ter menos tempo cotizado, a idade requirida para xubilarse é de 65 anos e 3 meses.

O período mínimo de cotización para acceder á xubilación será de 15 anos cotizados ó longo da vida laboral; dos cales, 2 anos deberán estar comprendidos nos 15 anos anteriores á data na que se acceda á pensión.

Base reguladora, será o promedio das bases de cotización dos 18 anos anteriores á xubilación.

Contía, en 2015: Polos primeiros 15 anos de cotización, 50% da base reguladora; por cada mes adicional (ata 163 meses) 0,21%; e polos 83 meses seguintes, o 0,19%.

A pensión de xubilación, con carácter xeral, é incompatible coa realización de traballo por conta propia ou allea que implique alta do traballador na Seguridade Social (que non teña carácter habitual nin supere o SMI); coas salvedades que se comentan a continuación.

### **COMPATIBILIDADE DA XUBILACIÓN ORDINARIA COA TITULARIDADE DUN NEGOCIO**

A pensión de xubilación ordinaria é compatible coa titularidade dun negocio e co exercicio das funcións inherentes a dita titularidade.

Existe a posibilidade de compatibilizar a pensión de xubilación ordinaria coa titularidade dun negocio. Para isto debería outorgar poderes xerais ante notario a unha persoa da súa confianza (require alta en Seguridade Social), para realizar todas aquelas funcións de xestión ordinaria da empresa que o empresario non pode realizar pola súa condición de xubilado (firmar contratos de traballo ou mercantís, nóminas, etc.); reservándose a posibilidade de realizar actos que non constitúan o tráfico ordinario de unha empresa ou ditar instrucións directas ao seu apoderado, sen prexudicar a súa condición de xubilado.

### **OUTRAS FORMAS DE XUBILACIÓN PARA O AUTÓNOMO COMPATIBLES CO TRABALLO**

#### **- XUBILACIÓN FLEXIBLE (Traballo por conta allea)**

Ofrece a posibilidade de compatibilizar a pensión de xubilación, unha vez causada, con un contrato a tempo parcial; coa correspondente minoración da pensión, variable en función da porcentaxe de xornada traballada.

As cotizacións efectuadas na actividade a tempo parcial, durante a xubilación flexible, surtirán efectos para a mellora da pensión de xubilación, unha vez producido o cese no traballo a tempo parcial.

#### **- XUBILACIÓN ACTIVA (Traballo por conta allea ou propia)**

O disfrute da pensión contributiva de xubilación será compatible coa realización de traballo por conta allea ou propia, cumprindo os seguintes requisitos:

- Cando o acceso á pensión tivera lugar unha vez cumprida a idade de xubilación ordinaria.

- A porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión acade o 100%

A contía da pensión será do 50% do importe resultante na resolución de concesión da mesma, calquera que sexa a xornada laboral do traballador.

Cotización durante a xubilación activa. Empresario e traballador cotizarán unicamente por incapacidade temporal e contingencias profesionais, máis unha cotización especial de solidariedade do 8%, que non será computable para prestacións. Estas cotizacións non serven para mellorar a pensión de xubilación recoñecida

**A XUBILACIÓN ANTICIPADA e a XUBILACIÓN ESPECIAL AOS 64 ANOS** non é unha contingencia protexida para os traballadores autónomos.

## EMPREENDEDORES EN MELIDE

JOSÉ MANUEL MARIÑO, RESTAURANTE - PARRILLADA PILMAR (Santa María, s/n)

### “Habilitamos un xardín interior con servizo de restaurante e cafetería”

**-O Pilmar prepara novidades de cara ao verán...**

**-José M. Mariño (J.M.):** Si, en breve poñeremos a disposición dos clientes un xardín no que poderán pasar un anaco tranquilo comendo unha boa carne ou un bo peixe. Trátase dunha terraza interior con música ambiente na que se prestarán os servizos tanto de cafetería como de restaurante. Está pensada para que a xente poida comer fóra relaxadamente ou gozar dunha copa á sombra sen o barullo que hai no centro.

**-Por que decidiu habilitar este xardín?**

**-J.M.:** Por aproveitar un espazo infrautilizado que tiña o restaurante na parte de atrás e porque hai que innovar e hai que moverse para que o

negocio vaia para adiante. Manter un local hoxe é moi difícil e hai que pelexar moito. Ademais, terrazas interiores con árbores e espazos verdes dentro do local non hai practicamente ningún en Melide. Penso que pode ser unha idea que guste.

**-Que servizos ofrece o restaurante Pilmar?**

**-J.M.:** Temos menú do día, menú de fin de semana e sempre hai dispoñible unha carta de carnes e de peixes. A nosa especialidade é a carne á grella: o chuletón, a chuleta, o entrecot de boi, o churrasco... O que tamén nos distingue é que facemos comida caseira, a da cociña de sempre.

**-Tamén acollen eventos e celebracións?**

**-J.M.:** Por suposto. Facemos comidas de empresa, familiares, bautizos, xa fixemos tamén algunha comuñón... No comedor de abaixo, cunhas 50 prazas aproximadamente, servimos o menú do día. Logo temos na planta primeira outro comedor que restaurei dende que vin para aquí con capacidade para 120 persoas.

**-Está satisfeito coa evolución do negocio?**

**-J.M.:** Levamos só dous anos funcionando e leva tempo darse a coñecer entre a xente. Ademais, cando colles un local cunha traxectoria que non foi a mellor das posibles, leva tempo sacar de enriba ese sambenito. Digamos que ás veces non empezas de cero, senón que empezas de menos dez porque hai unha traxec-



José Manuel Mariño no xardín interior do seu restaurante

toria que vén de atrás e que ao principio lastra o local.

**-Cre que a localización do restaurante pode ser un hándicap?**

**-J.M.:** Non creo que sexa un problema estar arredado do casco urbano. Máis ben ao contrario. O restaurante Pil-

mar está nun lugar tranquilo, ten espazo para aparcar... iso son vantaxes. Hai moitos sitios que están escondidos pero se realmente alí se come ben e se ofrece un bo servizo, a xente vai. O importante nun restaurante é que se coma ben e que te traten ben. Esa é a base do meu negocio.

**RESTAURANTE PARRILLADA PILMAR MARIÑO**

- DESAYUNO • MENU
- COMIDAS PARA GRUPOS
- ESPECIALIDAD EN CARNES AL A BRASA

Santa María, s/n.  
15800 MELIDE (A Coruña)

Tifnos.: 981 50 76 17  
606 59 04 46



# A maioría absoluta do PP reforza a Ánxeles Vázquez dentro da estrutura do partido

*Foi elixida por Núñez Feijóo para elaborar a ponencia que renovará o PP galego*



Ánxeles Vázquez e o seu número 2, Pablo Costoya, celebran a vitoria do PP. Á dereita, a líder dos populares diríxese a militantes e simpatizantes tras coñecer os resultados

As eleccións do 24 de maio deixaron en Melide a única maioría absoluta da comarca e un claro vencedor: o Partido Popular que, con Ánxeles Vázquez á cabeza, recibiu 2.713 votos, mantivo os 8 concelleiros do mandato anterior e incrementou en case 4 puntos a porcentaxe de sufraxios recibidos, próxima ao 60%.

A noite electoral estivo chea de emocións contrastadas para os populares melidenses, que ían confirmando a súa vitoria ao tempo que confirmaban tamén os malos datos do partido nos concellos limítrofes: "perdemos Sobrado, per-

demos Toques, ganou o Bloque en Santiso", ían dicindo algunhas das voces congregadas na sede popular da Avenida da Habana mentres agardaban o reconto da última mesa e abrazaban a posibilidade de conseguir o noveno concelleiro, que finalmente se lles escapou por escasos votos.

Porén, non había dúbidas da contundente vitoria obtida e, rematado o reconto, foi cando Ánxeles Vázquez se dirixiu a militantes e simpatizantes: "tivemos uns resultados caralludos!", exclamou subida a unha mesa. En efecto, tan expresiva frase resume uns resul-

tados que reforzan a Vázquez dentro do PP Galego. Tanto é así que a líder dos populares melidenses foi unha das persoas escollidas polo presidente do PP de Galicia, Alberto Núñez Feijóo para elaborar a ponencia que servirá como base para renovar as políticas do PP en toda Galicia.

Para BNG e PSOE os resultados foron desiguais. Os nacionalistas mantéñense como primeira forza da oposición pero logo de deixar polo camiño 551 votos e un concelleiro. Os socialistas igualaron o seu mellor resultado tras subir 200 votos e conseguir 2 edís.

## As valoracións da oposición



Xosé Igrexas, BNG



José A. Prado, PSOE

"Os resultados electorais do 24 de maio para o BNG non son satisfactorios por dous motivos: o primeiro o BNG non acada o seu obxectivo de desbancar ao PP do goberno local e o segundo, que seguimos pensando que a vitoria do Partido Popular en Melide é moi negativa e desastrosa para o pobo, despois do visto, cando en todos os concellos do arredor o PP non goberna en ningún. A veciñanza decidiu que sigamos na oposición, sendo a principal forza e alternativa de goberno, e niso nos imos centrar. Temos un novo equipo, de xente nova e preparada, que vai participar activamente nestes catro anos para levar a cabo a oposición e preparar xa dende este momento a alternativa de goberno que necesita este pobo".

"Os socialistas de Melide analizamos as eleccións con espírito crítico e facendo un balance agrado. Non podemos amosarnos satisfeitos a pesar de termos aumentado a nosa representación, pois vemos como ao revés que aquí, son moitos os pobos que apostaron por gobernos progresistas fuxindo de opcións conservadoras. Os socialistas, estando seguros dos nosos ideais e proxectos, comecemos agora dous procesos: analizar con humildade os motivos polos que non conseguimos máis apoio veciñal para cambiar o goberno e cumprir o compromiso que fixemos con Melide de defender os seus intereses. Faremos unha oposición intensa, leal e participativa, pegada á xente e aos seus dereitos, preparando unha gran alternativa para dentro de catro anos".

RESULTADOS	Nº de votos		Porcentaxe de voto		Nº de edís		
	2015	2011	2015	2011	2015	2011	
Opcións de voto							
PP	2.713	2.755	59.0 %	55.1 %	8	8	
BNG	1.064	1.615	23.1 %	32.3 %	3	4	
PSOE	745	545	16.2 %	10.9 %	2	1	
	Abstención 2015		25.69 %		Abstención 2011		26.39 %





Ánxeles Vázquez, momentos despois de ser elixida alcaldesa, recibe o bastón de mando de mans do concelleiro de maior idade, Benito Nebriil

## Política social, comercio e emprego, as prioridades para o novo mandato

Ánxeles Vázquez afronta outros catro anos como alcaldesa de Melide cun proxecto de goberno que se adiviña continuista e no que "tras devolvérllle ao concello a solvencia que lle pertencía" o principal reto será construír un municipio "de vangarda".

Así o transmitiu a rexedora, tras recibir de novo o bastón de mando, nun discurso de investidura no que estableceu de forma xeral as prioridades de goberno para o próximo mandato pero no que evitou asumir compromisos concretos. Un dos aspectos nos que puxo o acento foi a política social, que a vulgar polas súas verbas será reforzada no vindeiro ciclo político: "os máis desfavorecidos serán a nosa prioridade, por iso a inclusión de programas que lles dean oportunidades laborais, a inserción e plans de axuda para as persoas con rendas baixas serán un dos nosos eixos".

Nesa liña asegurou que "non imos escatimar esforzos" en lograr un maior benestar para a terceira idade e en contribuír á educación dos cativos: "Melide é dos poucos concellos do interior

de Galicia que medra e dende o equipo de goberno ímonos esforzar todo o que poidamos para manter e incrementar os servizos".

Por outra banda Vázquez asegurou que se vai prestar "unha especial atención"

**"Neste goberno ímonos esforzar o que poidamos para manter e incrementar os servizos"**

aos sectores do comercio e da hostalería, en tanto que son "fundamentais dentro do tecido económico de Melide". Igual atención se lle vai prestar ao emprego, un eido no que "vai ser incesante o apoio a emprendedores" e no que se apostará pola formación como vía para facilitar a incorporación da mocidade ao mundo rural.

No punto de mira estará

tamén a futura autovía: "distinguímonos por ser cruce de camiños e temos que conseguir que o maior investimento que endexamais se fixo no interior de Galicia se converta en atracción de investimentos, visitantes e calidade de vida".

### Reparto de competencias

As funcións que terá cada un dos edís do novo equipo de goberno están aínda por definir. Un mes despois das eleccións segue pendente un reparto de competencias que segundo Ánxeles Vázquez "terá unha liña continuista con certos cambios que aínda non pensei", declarou a rexedora durante unha intervención na radio municipal.

Un deses cambios afectará necesariamente ás áreas de comercio, turismo e promoción económica, xa que o edil que ata agora as xestionou, Santo López, non repite no cargo. O que si confirmou a rexedora é que a nova fichaxe do partido e número dous da candidatura, Pablo Costoya, será tenente da alcaldesa e xestionará os asuntos relacionados co medio rural: "niso é un experto", asegurou.

### Así queda a corporación

Goberno

Oposición



Ánxeles Vázquez  
PP



Pablo Costoya  
PP



Rosa Cabado  
PP



José Luis Arias  
PP



Dolores Gómez  
PP



Mª Jesús López  
PP



Benito Nebriil  
PP



Dalia García  
PP



Xosé Igrexas  
BNG



Xosé Mª Santín  
BNG



Adrián Iglesias  
BNG



José A. Prado  
PSOE

Non son moitas as caras novas da corporación melidense para o período 2015-2019. No equipo de goberno repiten 7 dos 8 concelleiros do anterior mandato e incorpórase Pablo Costoya, presidente de Melisanto. Na oposición o BNG tamén mantén a dous concelleiros con experiencia: Xosé Igrexas e Xosé María Santín, que xa estiveron na anterior corporación. Unha cara nova é a de Adrián Iglesias, número 4 da lista dos nacionalistas que se converteu en concelleiro trala renuncia da número 3. No PSOE estréase como edil José Antonio Prado e regresa á corporación Mª Jesús Iglesias, que xa foi concelleira entre 2003 e 2007.



Mª Jesús Iglesias  
PSOE



# BNG e PSOE seguen negociando o reparto de competencias tras acadar un pacto in extremis

Santiso terá nos próximos catro anos un goberno progresista formado por unha coalición de nacionalistas e socialistas que liderará Manuel Adán (BNG) como alcalde do Concello durante todo o mandato.

Os resultados do 24-M deixaron no municipio un panorama a priori favorable para os que xa foran socios de goberno na anterior lexislatura; cun BNG reforzado que pasou de dous a catro concelleiros, un PSOE que mantivo resultados e os seus dous edís e cun PP practicamente fora de xogo logo de perder 158 votos e quedar con tres concelleiros.

O camiño cara a un goberno bipartito parecía doado pero as negociacións complicáronse de tal xeito que non se chegou a un acordo ata o propio día da investidura, segundo conta Manuel Adán, que finalmente si recibiu o voto dos dous edís do PSOE para ser elixido alcalde.

"Cada un crese con forza suficiente para pedirlle ao ou-



Concelleiros do bipartito no pleno de investidura minutos antes da votación

tro as súas pretensións e por iso veñen as dificultades", explica Adán, "se por outra banda tiñamos ao PP ofrecén-

dolle a alcaldía ao PSOE a cambio de nada, as cousas aínda se complican máis". Que existiron conversas

entre PP e PSOE non o negan nin a nova líder dos populares, Matilde Pallares, nin o cabeza dos Socialistas, Fernando Suá-

rez, quen mantén que se puido chegar a un acordo "que se cadra para nós era máis beneficioso, pero non tiña sentido pactar coa dereita". Sobre o acordo cos nacionalistas, engade que "cando se chega a unha situación destas hai que pensar que os demais tamén contan e que son dous os que fan falta para gobernar; entón hai que facer algunha cesión", di Suárez, que aspiraba a estar dous anos na alcaldía, un punto que para Adán era "innegociable".

Consumado o pacto, BNG e PSOE seguen negociando agora o reparto de competencias. Segundo adianta Fernando Suárez, os socialistas levarán obras, servizos sociais e "posiblemente cultura". Adán límitase a dicir que o reparto está feito grosso modo e que "haberá que falalo moito porque os dous somos necesarios". Asegura que aínda non se abordou se Suárez será ou non tenente de alcalde.

R E S U L T A D O S	Opcións de voto	Nº de votos		Porcentaxe de voto		Nº de edís	
		2015	2011	2015	2011	2015	2011
	BNG	516	343	40.2 %	23.7 %	4	2
	PP	467	625	36.4 %	43.1 %	3	4
	PSOE	294	329	23.0 %	22.7 %	2	2
	IxS	-	142	-	9.8 %	-	1
	Abstención 2015	17.22%		Abstención 2011		14.97%	

## Así queda a corporación

— Gobierno — Oposición



Manuel Adán  
BNG



Sara Mato  
BNG



Pablo Balboa  
BNG



David Fernández  
BNG



Fernando Suárez  
PSOE



Begoña López  
PSOE



## Ovidio Leiva deixa a política tralos malos resultados do PP

*Acusa ao BNG de facer "xogo sucio" e di sentirse traizoado por membros do seu partido*



Ovidio Leiva, o ata agora líder dos populares de Santiso e alcalde do concello entre 2007 e 2011, abandona a política. Nesta decisión pesa non só a perda de apoios con respecto ás últimas eleccións (o PP baixou case 7 puntos en porcentaxe de votos recibidos) senón tamén o feito de sentirse decepcionado co desenvolvemento da campaña electoral e "traizoado" por persoas próximas ao seu partido.

Na súa despedida Leiva acusa ao BNG de practicar "xogo sucio" e de "instalar puntos de luz e facer obras en sitios privados" durante a campaña electoral. A isto engade que os nacionalistas "accederon a peticións da xente coas que eu non me quixen comprometer se ganaba porque eran cuestións persoais e suponse que traballamos para o

interese xeral". Nesa liña conclúe que "se para a xente conta máis facer algo que vale 100 euros na súa casa particular ca un traballo enorme de servizo público, entón eu non vallo para representar á xente".

Nas súas críticas Leiva Pereiro apunta directamente ao exalcalde Ramón Villar Edreira, sobre o que di que "traballou toda a campaña para o BNG" e, indo máis alá, asegura que "o día das eleccións estivo carretando xente". Por outra banda tamén di sentirse traizoado por algúns compañeiros de filas, motivo que influíu á hora de deixar a política: "varios dos que foron candidatos do PP noutros momentos traballaron tamén para o BNG", asegura.

Máis comedida, a sucesora de Leiva á fronte do partido, Matilde Pallares, cre que a baixada de votos que sufriu o PP se puido deber "a que o pobo non se identificou con nós ou nos fixo pagar algunha factura pendente", ao que engade que "o PP non vendeu ningún voto; o pobo deunos tres concelleiros e aquí estamos". Asegura que agora comeza unha nova etapa e promete facer unha oposición "construtiva, moi legal, moi transparente e moi aberta" á veciñanza.

## O PP facilita a investidura do alcalde socialista de Sobrado

*Jacobo Fernández perde 388 votos e pasa á oposición logo de 16 anos na alcaldía*



O novo alcalde de Sobrado, Lisardo Santos (cuarto pola dereita), coa corporación

Sobrado inicia unha nova era tralo 24-M. Logo de 16 anos de goberno popular e catro maiorías absolutas consecutivas de Jacobo Fernández, o socialista Lisardo Santos, ganador das eleccións, colle as rendas do concello.

Por diante ten un mandato no que gobernará en minoría con catro concelleiros e no que se verá na obriga de buscar acordos coa oposición para sacar adiante proxectos e iniciativas. Nesa tarefa poderá contar co apoio dos populares, que deixaron patente a súa actitude de colaboración co novo executivo no propio pleno de investidura, no que votaron a favor do candidato socialista ante a sorpresa do numeroso público asistente.

O líder do PP local, Jacobo Fernández, xustificou o sentido do seu voto dicindo que "un alcalde debe saír elixido por maioría absoluta e non por maioría relativa". Os dous edís independentes de Todos por Sobrado mantiveron un posicionamento distinto e votaron a favor da súa candidata

alegando que tiñan o seu propio proxecto para Sobrado e que traballarán dende a oposición porque queren "o mellor" para o municipio. Nese aspecto coincidiron co alcalde, Lisardo Santos, que se comprometeu a "traballar para todos os veciños e veciñas sen distinción" e quen entoou o mea culpa por non ter acadado un pacto de goberno: "non se chegou a un acordo e puido ser culpa miña", dixo.

### Premio e castigo

A expectación en Sobrado antes das eleccións era máxima dada a confluencia de factores como a irrupción dunha candidatura independente, o desgaste do PP e a fuxida de última hora dos catro concelleiros do BNG ás filas do PSOE. A estratexia semellou ser acertada a vulgar polo 43% de votos obtidos polos socialistas, 109 máis ca cando estaban no BNG. Pola contra o PP sufriu un severo castigo e perdeu 388 votos.

### RESULTADOS ELECTORAIS SOBRADO

Opcións de voto	Nº de votos		% de votos		Nº de edís	
	2015	2011	2015	2011	2015	2011
PSOE	674	130	43.4 %	7.9 %	4	0
PP	563	951	36.2 %	57.4 %	3	7
TxS	283	-	18.2 %	-	2	-
BNG	26	565	1.7 %	34.2 %	0	4
Abstención 2015		11.89%		Abstención 2011		13.34%



Matilde Pallares  
PP

Begoña Igreisas  
PP

Mª Carmen Seijas  
PP



# Toques cambia un bipartito de dereitas por outro de esquerdas



Nova corporación de Toques co alcalde do BNG, José Ángel Penas (cuarto pola dereita), á fronte

Toques terá dous alcaldes este mandato: o nacionalista José Ángel Penas, que xa tomou posesión do cargo o pasado 13 de xuño, e o socialista Miguel Buján, que collerá as rendas do concello en 2017. Ese é o resultado do pacto ao que chegaron PSOE e BNG tras as eleccións de maio, nas que a ampla maioría de votos conseguida polas forzas de esquerda non foi suficiente para poderen gobernar en solitario.

O PP foi o ganador das eleccións, máis a aposta da dirección provincial do partido por integrar aos independentes baixo as súas siglas non deu os resultados esperados. Se nos anteriores comicios entre as dúas forzas acapararon o 75% dos sufraxios, nestas, e trala integración, obtiveron o 39% dos votos emitidos. Neses resultados parte da responsabilidade tivo o efecto arrastre de Miguel Buján, que na súa volta á política sumou para o PSOE tres edís e 353 votos, quedando a só 9 do PP, unha estreita marxe que lles deu aos po-

pulares un concelleiro máis. O BNG incrementou en case tres puntos a porcentaxe de votos con respecto a 2011, pasando do 18,7% ao 22,1%, pero o incremento non se traduciu en maior número de edís e quedou cos dous que xa tiña.

O cabeza de lista dos nacionalistas e agora alcalde, José Ángel Penas, considera que os resultados das eleccións foron "moi bos" para Toques "porque a xente votou cambio, que era o que necesitaba este concello". Sobre as negociacións mantidas para formalizar o bipartito, asegura que "non foron moi difíciles" e xustifícao en que "o obxectivo era que non gobernase o PP e as dúas forzas tiñamos claro que había que chegar a un acordo como fose porque a xente quería que se producise un cambio".

### Prioridades de goberno

A coalición progresista que gobernarán Toques durante os próximos catro anos ten xa establecidos os

principais eixos de actuación; as áreas nas que centrarán as súas primeiras iniciativas. Segundo explica o novo rexedor, un dos ámbitos de actuación prioritarios será o da terceira idade, no que aseguran que se implicarán "moito máis" co obxectivo de "atender todas as súas necesidades". Por outra banda tamén dedicarán esforzos "a poñer en marcha instalacións municipais que non teñen uso e nas que se fixeron grandes investimentos". Ao mesmo tempo Penas anuncia que abordarán xa dende o principio a problemática que xera a Rede Natura, "un tema que nos preocupa moito". En materia de urbanismo, di, "tomaremos medidas sobre o PXOM".

### Reparto de competencias

De acordo co pacto establecido, no que resta de mandato o BNG xestionará as áreas de persoal, urbanismo, medio rural e medio ambiente. Pola súa banda o PSOE farase cargo de asuntos sociais, turismo e promoción económica. Compartirán competencias en materia de obras e servizos, xuventude, cultura e deporte. Este reparto manterase cando se produza o cambio de alcalde na metade da lexislatura.



J. Ángel Penas  
BNG



Miguel Buján  
PSOE



J. M. Labandeira  
BNG



Vanesa Peteiro  
PSOE



Tomás Liñeira  
PSOE



J. Antonio Castro  
PP



Jorge Calvo  
PP



Mónica Penas  
PP



Arturo Penas  
PP

R E S U L T A D O S	Nº de votos		Porcentaxe de voto		Nº de edís	
	2015	2011	2015	2011	2015	2011
Opcións de voto						
PP	362	455	39.3 %	42.0 %	4	4
XCPT	-	360	-	33.3 %	-	3
PSOE	353	62	38.3 %	5.7 %	3	0
BNG	204	202	22.1 %	18.7 %	2	2
Abstención 2015		14.76%		Abstención 2011		10.01%

## Os socialistas alertan de recortes no servizo de matrona de cara ao verán

O PSOE de Melide asegura ter constancia de que a Xerencia de Atención Primaria reducirá a media xornada o servizo de matrona que se vén prestando ata agora a tempo completo no centro de saúde para os concellos de Melide, Toques, Santiso e Boimorto.

Segundo os socialistas, esta medida obedece á intención de non contratar persoal para a tempada estival e provocará ao seu xuízo “o colapso dun servizo xa desbordado”. Alertan ademais de que será “imposible” atender todas as demandas e realizar “como se debe” traballo de clasificación para derivar a especialidades, planificación familiar ou preparación para o parto.

O voceiro do PSOE, José Antonio Prado, teme “que este recorte do servizo, que se pretende que sexa para o verán, se faga permanente, xa que o PP demostra con feitos a súa falsa preocupación polo fomento da



Recollida de firmas para que se constrúa un novo ambulatorio

natalidade e da saúde”.

### Recollida de sinaturas

Por outra banda, e tamén en relación co centro de saúde, os socialistas de Melide impulsaron unha campaña de recollida de firmas para esixirlle á Xunta que consigne a cantidade necesaria nos orzamentos de

2016 de cara a construír un novo ambulatorio. Prado considera que “é tempo de decisións” e que a Xunta debe ter enriba da mesa á volta do verán “unha posición clara e firme” de Melide e da comarca esixindo “que dunha vez tome en serio” as necesidades sanitarias do centro de Galicia.

## Ninguén mellor có IES para promover a boa alimentación



O fin de curso remata con sabor doce para o IES de Melide, que se fixo co primeiro premio do *Plan Proxecta Aliménta-T ben*, co que a Xunta de Galicia pretende concienciar aos máis novos sobre os beneficios dos alimentos e a importancia dunha dieta saudable. O proxecto presentado polo centro melidense, titulado “5 ao día: IES VIDA” e centrado no consumo de froita na escola, foi escollido polo xurado como o mellor de entre os máis de 100 proxectos participantes de centros educativos de toda Galicia. O premio consiste nunha achega dun bono de 800 euros para material informático, libros para a biblioteca sobre hábitos saudables e unha certificación de Premio de Innovación Educativa emitida pola Consellería de Educación para os 6 mestres participantes.

## FOTO-DENUNCIA

### Delicatessen



Rúa do Convento. As 9 horas dunha mañá soleada de verán. Unha fermosa estampa dedicada aos donos e donas dalgúns dos maravillosos cans e cadelas que transitan alegremente por Melide. Dedicada a esas persoas que coñecen perfectamente o que vai facer o seu can cando parece que quere sentar pero non senta e aproveitan entón para seguir camiñando coa mirada perdida ou para cravala no móbil con tal de non ver o acto que alí se está perpetrando. O destino é cruel, donos e donas dalgúns maravillosos cans e cadelas que transitan alegremente por Melide. Algún día seredes vítimas das vosas falcatrudas e quizais daquela aprenderedes unha lección de civismo.

## Actividades no verán

A Concellería de Igualdade e Benestar programou para o verán numerosas actividades dirixidas a nenos e nenas de 3 a 12 anos co obxectivo de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar. O prazo de inscrición está aberto dende o 16 de xuño con prazas limitadas. Os pais e nais interesados en inscribir aos seus cativos, deben facelo acudindo ao Centro de Información ás Mulleres, ao Centro Social ou chamando ao número de teléfono 981 50 57 06. As actividades programadas inclúen reforzo escolar, informática, inglés lúdico, baile, reciclaxe, cine en valores, xogos e deporte.

## Un viveiro en outono

O viveiro de empresas proxectado para Melide será unha realidade a finais de novembro. Así o asegurou a rexedora melidá, Ánxeles Vázquez, despois da xuntanza que mantivo con persoal da Fundación Incyde e da Cámara de Comercio de Santiago para asinar a acta na que se estableceron todos os requisitos que deben cumprir as institucións implicadas para levar a cabo a licitación e posterior obra do viveiro. Cun orzamento estimado de 180.000 euros, o 30 de novembro é a data límite para o remate dos traballos. O viveiro de empresas estará localizado no Edificio Multiusos.

## Conciliación no nº 1

A ANPA “Espertar” do colexio de educación infantil N° 1 foi unha das asociacións beneficiadas pola liña de axudas que concede a Delegación Territorial da Coruña para realizar programas e actividades extraescolares que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar. En concreto recibirá para tal fin 1.600 euros que poderá empregar de cara ao vindeiro curso. Unha das singularidades desta convocatoria é que se primou aquelas propostas que promoveran a igualdade e a prevención da violencia de xénero. A ANPA “A Xuntanza” do colexio de Arcediago recibiu 5.598 euros.

## Regulamento interno

O BNG de Melide cre conveniente dotar o Concello dun regulamento de réxime interno, motivo polo cal presentou recentemente a súa propia proposta no rexistro municipal. O propósito dos nacionalistas con esta medida é “iniciar unha nova etapa con máis transparencia e coas regras democráticas máis claras”. O voceiro do BNG, Xosé Igrexas, agarda que o goberno local acolla de bo grao esta iniciativa xa que, na súa opinión, o regulamento “abre as portas a unha maior participación da veciñanza”. Agarda tamén que a proposta sexa admitida a debate no primeiro pleno do mandato.

EDELMIRO LÓPEZ CORDIDO, TALLISTA E ESCULTOR DA MADEIRA

## “Non deixo sucesores: o oficio cambiou e hai poucos rapaces que queiran aprender”

As súas son desas verbas valiosas: por seren o froito da experiencia de toda unha vida dedicada á escultura da madeira e por seren únicas, saídas dun dos poucos tallistas puramente artesáns que quedan; eses que naceron coa arte no sangue e a foron pulindo a base de esforzo e observación ata facer dela o seu medio de vida. É o caso de Edelmiro Cordido, que ten o valor engadido de ser dos nosos, “de Furelos de toda a vida”, un artista que deixa un amplo legado en retablos e casas da comarca e que aínda fala coa ilusión do primeiro día dun traballo polo que sentiu paixón “dende sempre”.

**-Cando descubriu a súa vocación de artista?**

**-Edelmiro López (E.L.):** A min traballar a madeira era algo que xa me gustaba de sempre pero empeceino a tomar máis en serio aos 14 anos, cando saín da escola e comecei no taller de Don Alfredo, un escultor de Melide que traballaba en San Roque. El pensaba que ía ser un capricho duns días pero cando xa levaba preto de tres anos, díxolle a meus pais: “ao rapaz gústalle isto, non se aburre. É mellor tomar outras medidas porque aquí veme a min facer unha figura pero se vai para outro taller máis grande verá facer tres ou catro e aprenderá máis”. E entón foi cando marchei para Santiago, no ano 1957.

**-E seus pais que dixeron?**

**-E.L.:** Eles buscaban o mellor para min. O que non querían era que andara por aí de folgazán, que era o que lles dicía todo o mundo que ía pasar. Pero non pasou, porque eu atendín ao meu e aprendín.

**-Onde foi que aprendeu? Que recorda desa etapa en Santiago?**

**-E.L.:** Estiven alí outros tres anos. Traballaba en Talleres Parceros e ao mesmo tempo ía á Escola de Artes, que era o máis importante para min. Alí aprendín a debuxar, a modelar o barro e collín técnica, porque en Melide o que facía era todo práctico.

**-Volveu para aquí, fixo da escultura o seu medio de vida e ata hoxe... sempre dende Melide.**

**-E.L.:** Si, eu son de Furelos de toda a vida. Aquí naceron meus pais, aquí nacín eu, aquí morreron eles e aquí morrerei eu tamén. E sempre vivín disto. De feito, sachei máis lei-



Edelmiro no seu taller de Furelos, onde agora traballa a madeira como hobby

tugas dende que cumprín 70 anos ca cando tiña a metade. Antes nesta zona había moitas carpinterías e talleres; en Melide facíanse moitos mobles. Estiven na rúa do Sol cun tallista de Santiago que viñera para o obradoiro de El Mueble e tamén traballei moito para Vizcaíno, que antes tiña obreiros. Neses sitios dedicábame máis á talla, pero seguía compaxinando coas figuras; defendíame ben nas dúas disciplinas.

**-Deixa pola comarca un importante legado de figuras relixiosas. En que retablos podemos ver as súas obras?**

**-E.L.:** Por exemplo o San Cristovo que hai en Melide, que está na Capela de San Roque, fíxeno eu en madeira. Antes había un de xeso. O San Caralampio tamén o fixen eu,

por medio de Mingos de Pita. Tamén fixen para Borraxeiros unha Purísima, restaurei a Virxe da Cabeza e en Boimorto, na parroquia da Arentía, restaurei o San Cidre e fíxenlle os bois novos. Para Toques tamén fixen unha copia do San Antolín, porque o que había foi roubado e nunca máis se soubo del. O único que deixaron os ladróns foi a vara. Entre iso e unha estampa que había, fun sacando as medidas e a feitura. Leveino eu para a igrexa un día de misa cantada e os curas que había pensaban que era o orixinal.

**-Das esculturas que fixo, cal é a súa favorita?**

**-E.L.:** As figuras de Sancho Panza. Cos que levo feito, se os poño nunha ringleira chegan a Santiago. Nunha ocasión, e

quedoume moita pena non terlle sacado unha fotografía, fixen un Apóstolo montado nun cabalo coas pernas de diante levantadas. Non sei se foi que o fixen con cariño, pero quedou moi bonito.

**-Hai algunha escultura que lle gustaría ter feito e aínda está por facer?**

**-E.L.:** Nunha ocasión díxerame Don Javier, o cura que tiveramos aquí, de facer as catroce estacións do Via Crucis en madeira. Daquela non me quixen meter porque iso daba moito traballo e custaba moitísimos cartos.

**-Aínda segue enredando coa madeira?**

**-E.L.:** Algo aínda sigo facendo, pero como hobbie. Agora estou cun cadro en madeira da ponte do Furelos

“Na Escola de Artes de Santiago collín a técnica que me faltaba e aprendín debuxo e modelaxe”

“Nesta comarca abundaban os talleres e as carpinterías; en Melide facíanse moitos mobles”

e cunha lámpada que debe pesar uns 20 quilos.

**-Cal é a mellor madeira para facer unha figura?**

**-E.L.:** A mellor que hai aquí é o castaño. Déixase traballar, non é tan dura coma o carballo, que esgaza con facilidade cando fas pezas finas.

**-A quen deixa como sucesor seu?**

**-E.L.:** Non deixo a ninguén. Hoxe en día tampouco hai moitos rapaces que queiran aprender e xa non fai falta saber moito o oficio, non é coma antes. A min facíanme unha encarga e sacábaa dun cepo de madeira. Agora sácaa unha máquina. Nunha ocasión pasei polo taller de Santiago onde estivera e atopeime con que hai calquera cousa menos taller. Os tempos cambiaron.

## Dos altares engalanados ás alfombras de Corpus: Melide na procura da súa propia tradición floral

Quen diría que das pedras poden nacer flores e agromar a cor? Que hai días nos que as pisadas sobre o cemento das nosas rúas son meditadas e silandeiras coma se tivesen medo de estragar unha obra de arte? Non é este un fenómeno moi frecuente, pero acontece cada 365 días; concretamente o domingo de Corpus, cando moitas vilas de Galicia, e tamén Melide dende hai oito anos, espertan con algunhas das súas rúas cubertas de floridas alfombras.

Vestir as rúas con alfombras de flores o día de Corpus é unha práctica ben recente en Melide: comezou no ano 2008 e, aínda que a tradición nunca antes existiu na vila como tal, tampouco se trata dun costume completamente alleo á cultura local. Corrobóralo Xosé Manuel Broz, director do Museo da Terra de Melide e artífice das primeiras alfombras florais: “non había alfombras pero si unha tradición floral de adornar altares e rúas con motivo da celebración do Corpus”. Ao paso da procesión eran “polo menos catro” os altares que se engalanaban e sobre as pedras do casco vello botábanse flores, fiúncho e tamén espadanas “que a xente recollía e levaba para as súas casas para poñer nas lareiras os días de tronada”.

É claro, xa que logo, que “existe un antecedente” para as alfombras que se fan hoxe na vila, aínda que o feito de seren unha realidade non obedece tanto a ese substrato como aos efectos que teñen as viaxes sobre a inventiva e a creatividade: “vin algo parecido nunha praza de Bruxelas e pensei que podía quedar moi bonito en Melide”, di Xosé Manuel Broz para logo concluír que “viaxando sempre xorden ideas”.

A día de hoxe a responsabilidade de elaborar as alfombras florais recae sobre a Asociación Cultural Charamela, que se encarga de sacar adiante a práctica totalidade dun traballo ao que se hai que poñer mans á obra “polo menos un mes antes”. Dío Jaime Soengas, o vicesecretario da asociación e a persoa

*Na confección dos tapices traballaron este ano trinta persoas baixo a coordinación da Asociación Charamela*



Panorámica das alfombras florais da Praza do Convento, dedicadas ao xardineiro Jesús García



As alfombras florais requiren paciencia e bo pulso



Dúas voluntarias confeccionan o escudo de Melide

que colleu o relevo de Xosé Manuel Broz para coordinar a confección dos mantos florais, na que este ano traballou durante 12 horas, e ata ben entrada a madrugada, un equipo de 30 persoas repartidas en diferentes quendas.

Esa laboriosa faena non é máis cá execución final dun proceso que comeza moito an-

tes coa elaboración das plantillas; o quebracabezas que servirá como base para repartir de xeito coherente materiais, texturas e cores. O encargado de trasladar a un plano real as ideas e as temáticas das alfombras é o propio Jaime Soengas, que reconece a dificultade dunha fase na que “a partir dun marco de madeira a ta-

maño real se van sacando as perspectivas e os detalles”.

### Na fábrica das cores

Non menos importante é escoller os materiais e as cores, que deben ser acordes á temática dos tapices florais. Para conseguir as tonalidades desexadas emprégase tinteira de auga “coma a que lle botamos á pin-

tura nas nosas casas”, explica Jaime: “mestúrase con auga nunha formigoneira e faise unha especie de masa con serraduras ou labras de madeira”. Estes materiais foron substituíndo progresivamente ás flores nos últimos anos, por seren moito máis baratos, e a día de hoxe constitúen o elemento base das alfombras, sen prexuízo dos vexetais, que se seguen empregando, e doutros materiais de nova incorporación. Un deles é a casca de pino, que permite “crear relevos que en certos sitios quedan moi ben” ou o sal, que “admite ben a cor e ten uns brillos que dan moita vida”.

Os materiais empregados non constitúen a única singularidade dos tapices de Melide. Tamén o é a súa temática, que escapa do puramente relixioso. Hai tres anos estiveron inspiradas no pintor ruso Wassily Kandinsky e o ano pasado o eixo central foron as imaxes de Sargadelos, con motivo do pasamento de Isaac Díaz Pardo. Nesta edición as protagonistas foron as Meninas de Velázquez, que presidiron a alfombra xigante da Praza do Convento e tamén a que se confeccionou na rúa do mesmo nome. Na vía paralela, o Camiño de Ovedo, representouse unha bolboreta, un colibrí e o escudo de Melide.

### Homenaxe a Jesús García

Todas elas tiñan en común a presenza de moitos motivos florais, algo que non se produciu por casualidade, senón por estaren dedicadas a Jesús García, xardineiro municipal falecido recentemente. “Foi unha persoa que sempre colaborou e que tiña moito gusto neste tipo de traballos”, recorda Jaime Soengas, “merecía esta homenaxe”.

Coa vista posta no horizonte a Asociación Cultural Charamela seguirá loitando para que as alfombras de Corpus sexan unha tradición asentada e recoñecida: “isto empezouse hai case dez anos e seguímolo facendo con ilusión para que non decaia. Queremos que a xente saiba que o día de Corpus hai alfombras en Melide”.

## Paco Veiga, premiado pola súa traxectoria en defensa do idioma

O Servizo de Normalización Lingüística e Cultural da Terra de Melide acordou distinguir a Paco Veiga, mestre de lingua e literatura no instituto da vila, co IV Premio á Defensa do Idioma, un galardón co que cada ano se recoñece o traballo de persoas e institucións a prol da plena normalización da lingua propia na comarca. No seu fallo o xurado valorou especialmente “a transcendencia social” do labor realizado por Paco Veiga, así como o feito de manter “unha inequívoca actitude que incide nun maior uso social do galego e na potenciación do seu prestixio, especialmente entre as novas xeracións de meliadas e melidás”.

A entrega do premio celebrouse o 5 de xuño na Casa da Cultura, onde numeroso público quixo acompañar a Veiga como mostra de cariño e recoñecemento ao labor desenvolvido ao longo de 22 anos de docencia no IES e á fronte de diferentes asociacións culturais e pedagóxicas. Tras recoller o galardón, unha figura de Castela elaborada en cerámica de Sargadelos, Veiga apelou á necesidade de



sentirse orgullosos de ser galegos como paso previo e imprescindible para a normalización do idioma: “antes de falar galego hai que ser galego; o idioma non se normalizará ata que non sexamos galegos”,

dixo, “hai que ser cidadán do mundo dende algures, e se queremos estar no mundo, temos que estar dende Galicia”.

Precisamente a capacidade de Veiga para, máis alá de promover o idioma, apuntalar actitudes foi un dos aspectos que destacou a tamén mestra do IES Susana Losada durante a súa intervención no acto: “Paco non é capaz de ver que este é un premio por ser quen é; un galego intrínseco”, explicou, “os profesores transmitimos coñecementos pero tamén actitudes e con el eu aprendín o concepto de identidade cultural”.

### Unha lingua en perigo

No seu discurso Paco Veiga alertou sobre o retroceso no uso da lingua propia e instou aos poderes políticos a decatarse da importancia que

teñen as súas decisións e da necesidade de poñerse mans á obra para revertir unha situación crítica: “a lingua necesita decisións que postulen a súa desaparición ou que contribúan a normalizala. Na rúa non é unha cuestión de política pero máis arriba si”, sentenciou ao tempo que botou man de exemplos sinxelos pero ilustrativos: “cos debuxos do Xabarín medraron xeracións, pero os rapaces de agora só teñen acceso a eles se poñen a segunda canle da TVG ás tres da tarde”. Ao seu xuízo “falta consenso” arredor da lingua, unha valoración á que engadiu que “os nosos políticos non están á altura e agardo que algún día o estean”.

Nos seus prognósticos referiuse tamén a Melide, do que dixo que “foi unha illa de galegofalantes” e sobre o que engadiu matices: “falo en pretérito porque hai un termómetro marabilloso que son os corredores do IES, nos que cada vez se fala máis castelán”.

En consonancia con estes datos Soqui Cea, representante do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) no Colexio nº 1, expuxo os seus propios para alertar do “momento crítico” que atravesamos en galego. Das dúas linguas oficiais que hai, unha está enferma”. Cea rematou a súa intervención cunha mensaxe optimista e unha cita de M<sup>a</sup> do Carme Kruckenberg, escritora viguesa recentemente falecida: “aínda creo que hai homes ca-




Paco Veiga é mestre do IES de Melide dende hai 22 anos

paces de arrincar a derradeira semente do amor e tremar por ela”.

### Intelectual humilde, traballador silencioso

Un deses homes ben podería ser Paco Veiga, do que Cea destacou que “sente, defende, usa coida e espalla o idioma”. Non foi a única gabanza dirixida ao premiado, que foi definido polos membros do SNL nas súas intervencións como “un intelectual humilde”, un “referente lingüístico e cultural”, un “traballador silencioso” con “amor teimudo” polo idioma, un “pioneiro”, unha “especie en extinción” e,

sobre todo, “unha boa persoa”. Algunhas destas definicións saíron das bocas e dos corazóns de quen son compañeiros de Paco Veiga nesas entidades dende as que desenvolve ou desenvolveu o seu labor de promoción do idioma e que son, ademais do IES de Melide, a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, a Nova Escola Galega (da que foi presidente), a Asociación Cultural Avelino Díaz ou a revista Intres, entre outras. A todas elas lles dedicou un premio que recibiu coa humildade que o caracteriza: “os que xa estamos normalizados non precisamos este premio para normalizarnos”.



## JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com  
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)



**D**  
**Rúas**  
**R** bodeguilla

  
DUAS RUAS  
bodeguilla

IMAXES  
DA

DEGUSTACIÓN  
EN EXCLUSIVA  
DE:

Rúa Principal 5  
Praza da Herba  
MELIDE

**VALDELOYO**  
BODEGA VIÑA VALDELOYO



RIOJA CRIANZA 2011

**PRIMEIRO  
CLASIFICADO  
NACIONAL.  
CATA A CEGAS  
CATATALENTOS BASE.**

**1<sup>er</sup> Clasificado**  
Categoría Tintos Crianzas  
Edición 2014

Experiencia BASF en Viña  
Cobalentes

## O museo retoma con percorridos nocturnos as visitas guiadas pola vila

*Teñen un custo de dous euros. Os participantes recibirán un caderno con notas históricas que poderán levar para a casa*

Coa chegada do verán o Museo da Terra de Melide retoma unha das últimas iniciativas postas en marcha para divulgar entre a veciñanza o patrimonio local: visitas guiadas polas rúas da vila nas que descubrir, recordar e mirar en fite os sucesos históricos que marcaron o devir do pobo.

O éxito que tiveron estes percorridos didácticos na súa primeira edición, o verán pasado, levou aos responsables da galería a repetilos e a introducir novidades que os fagan máis atractivos. Unha das principais será a organización dalgunhas visitas nocturnas que introducirán aos participantes na parte máis misteriosa do folclore melideo: “como a noite se presta para moitas cousas, falaremos do imaxinario e das lendas que acompañan ao Melide vello”, conta Xurxo Broz, colaborador do museo e un dos guías xunto con Cristina Vázquez.

Eses percorridos nocturnos afastaranse da rigorosidade dos datos contrastados para introducirse no terreo da fábula, do mito, dos contos e mesmo do fantástico.

Falarase de cando a Santa Compañía se apareceu no Castelo, ou do cabaleiro que disque morreu no hospital de peregrinos (hoxe sede do museo) e cuxo corazón foi levado ante a tumba do Apóstolo polos seus criados para que completara a peregrinación.

Logo botáronlle cemento e deixouse de escoitar”.

### Un pasadizo secreto

O imaxinario protagonistas das visitas nocturnas é ese intanxible que nos arrodea e que pode estar mesmo baixo os nosos pés. Conta unha lenda que hai no casco vello de Melide un pasadizo subterráneo que comunica a Rúa Principal coa zona dos viños. “Crese que se construíu en tempos da Guerra Civil”, relata Xurxo



Participantes na primeira visita guiada que se realizou este ano

Broz, “onde está actualmente o Café Cire houbo un sanatorio no que curaban principalmente a tuberculosos e parece que había persoas que se agochaban alí a modo de refuxiados e que empregarían a pasaxe para fuxir en caso de que se fixera un rexistro”.

A saída estaría á altura da Cervexería DX3 e a única maneira de coñecer a certeza desta lenda sería facer unha escavación; algo impensable a

día de hoxe que segue deixando o misterio no acervo popular: “aínda nos anos 80 tremía a rúa cando pasabas por ela. Acórdome que os nenos saltabamos sobre o cemento e resoaba como un

resorte. Logo botáronlle cemento e deixouse de escoitar”.

### Caderno de apoio

As visitas nocturnas non serán a única novidade dos percorridos guiados deste verán. A diferenza do ano pasado, no que se entregaban fotocopias, de agora en adiante os asistentes recibirán “un libriño que recolle notas históricas de Melide” e que inclúe láminas e material de apoio para as explicacións. Para axudar a custear este caderno, que a xente po-



Guía documental

derá levar para as súas casas, os responsables das visitas decidiron empezar a cobrar dous euros por visitante. Non obstante, continuarán sendo gratuítas para os socios do museo e os seus acompañantes, para os menores de 16 anos e para as persoas que repitan a visita.

Onde non houbo cambios é na periodicidade das visitas, que xa comezaron a mediados deste mes de xuño e que se realizarán semanalmente sempre que as condicións climatolóxicas o permitan. O tempo será o que determine tamén o día exacto no que se realizarán os percorridos cada semana e a hora á que darán comezo. As persoas interesadas en participar deberán anotarse previamente no museo.

## VIVAN AS BANDAS DE MÚSICA

**Xosé Núñez Lopez**

*Presidente de honra da Banda- Escola de Música de Visantoña*

Ante todo, teño que pedirle desculpas ao periodista Fernando Franco, por plaxiarlle parte dun artigo seu publicado recentemente nun xornal galego baixo o título de: “Vivan as Bandas de Música”. Nel informámonos de que hai máis dun século e medio as bandas de música veñen enchendo de sons as prazas e rúas, os torreiros e as corredoiras, xa que a cultura con maiúsculas, que constitúe a identidade de cada pobo, componse de algo máis ca monumentos. Nace e vive na rúa entre a xente, vese e séntese.

Engadíndolle que farían ben os concellos en promocionar as bandas populares de música, tan queridas polos pobos, e tamén tan beneficiosas para a supervivencia das mesmas formacións, que son como a alma do propio pobo. Pois si, a música é a linguaxe máxima, a máxima cercanía, a máxima revelación; non ten contido material porque é puro signo, pura metáfora sobre o mundo, por iso os seus efectos son tan intensos.

Pode un pobo non ter alfabeto nin tradición escrita, só música; o seu gran discurso humano, o seu grande encontro co mundo. Un pobo sen música é como unha casa baleira da que fuxiron os seus moradores. Por iso a facenda de cada nación comeza pola música, que nos fai coñecer a cultura e conmove os nosos sentimentos. Fai falta comprender a importancia que ten a música para modelar a nosa visión do mundo e da humanidade, para colaborar decisivamente na educación da sensibilidade humana, unha das claves do auténtico progreso.

As nosas bandas populares de música, cos seus directores á fronte, honran a os nosos pobos, interpretan e funden con orixinalidade e elegancia o popular, o culto, o tradicional e o novo. Pronunciar o seu nome é invocar a música en estado puro. Por iso o abandono de tales agrupacións musicais, soamente na educación, podería facernos retroceder culturalmente a un primitivismo preocupante e inquietante.

A Música é vida. Se os sentimentos son os piares da vida, que é a música senón a liberación deses sentimentos? As bandas dannos vida a través da súa música, poñendo as emocións a cento dez por hora. A música tamén é un magnífico recordatorio. Un día, por casualidade, revives cancións, fragmentos de música clásica que te fixeron vibrar e que case tiñas esquecidas. Volves a sentir eses praceres da xuventude, esa memoria que case tiñas abandonada e que xorde con forza na alma e na túa imaxinación.

Quixera terminar dicindo que, a parte divina que ten a música, ese rozamento que ten co sobrenatural, é o que devolve á vida, esa vida que non vai ter fin, como nunca o terá unha boa sinfonía.

## Rutas, acrobacias e música dos 80's na Concentración Moteira



Os espectáculos acrobáticos sobre rodas son os máis seguidos polo público

Coa chegada do verán comeza en Melide a época na que cada fin de semana é un fervedoiro de actividades. A esa axenda estival frenética súmase dende hai dous anos a concentración moteira organizada polo club Millí Riders, que congrega na vila a centos de afeccionados ao motor chegados de toda Galicia. A terceira edición, que se celebrará os vindeiros días 4 e 5 de xullo, incorpora un novo atractivo en forma de espectáculo: La Edad de Oro del Pop Español dará o sábado 4 un dos seus cinco concertos previstos para Galicia e traerá á vila cancións de grupos míticos dos 80,s. Sobre o escenario, e con música en directo, estarán Alberto Comesaña (Amistades Peligrosas), Pablo Perea (La Trampa) e Joaquín Padilla (Iguana Tango). Malia ser un dos pratos fortes, non será o único; a concentración tamén brindará un ano máis a oportunidade de ver shows acrobáticos e levará as motos de ruta pola comarca.

## Cambios no percorrido do medio maratón e aspiracións de récord



Saída da carreira dende Palas de Rei na edición de 2014

O 27 de xuño volve Os 21 do Camiño, o medio maratón entre Palas de Rei e Melide que na súa curta historia conseguiu situarse xa no Top Ten das carreiras preferidas polos afeccionados galegos. Logo do cambio de data do ano pasado, a carreira incorpora na súa terceira edición unha importante novidade: o cambio de percorrido no tramo final. Evitaranse así os dous quilómetros que transcorrían polo casco urbano de Melide e que a xuízo da organización "desvirtuaba a beleza do resto do percorrido", que transcorre integramente polo Camiño de Santiago. Quérese potenciar así esta peculiaridade da carreira e un dos grandes atractivos para os corredores, cuxo número non deixou de aumentar edición tras edición. O obxectivo este ano é chegar ao límite de inscricións permitidas (700) ou cando menos superar os 562 participantes de 2014. Non falta moito, pois ao peche de edición deste xornal xa eran 560 os participantes confirmados.

**I MERCADO DE EPOCA** Melide no 1900 (Furelos)  
26, 27 e 28 de Xuño

Artesanía · Alimentación · Animación  
Figurantes de época · Música  
Talleres demostrativos · Rincón infantil

Haberá Taberna, Pulpeira, etc...

**IV CICLO DE TEATRO AFECCIONADO**  
**"O TEATRO NO CAMIÑO"**  
Asociación Cultural Charamela

(Representacións na Casa da Cultura ás 21:30 horas)

**4 DE XULLO:**  
*Os amores do mariñán*  
Grupo de teatro "O Bordelo" de Cervo

**11 DE XULLO:**  
*Sempre nos quedará Venecia*  
Asociación Cultural "La caja de Pandora" de Verín

**19 DE XULLO:**  
*Os trillizos de Socorro*  
Centro Teatral "Faro-Miño" de Chantada

**26 DE XULLO:**  
*Botando a lingua a pacer*  
Asociación Cultural "Charamela" de Melide

## Patricia López, campioa de España

Patricia López Andrés non deixa de subir chanzos na súa carreira deportiva. A pupila de Escuela Ayude de Melide vén de conseguir unha nova medalla histórica para a esgrima galega tras proclamarse campioa de España na categoría M15. López Andrés subiu ao máis alto do podio no pavillón municipal de Sabadell (Barcelona) logo dunha competición “durísima e prolongada” na que derrotou na final á contrincante madrileña por un contundente 15 a 9. Por equipos, xunto con Elisa Martínez máis María Gelpi, e capitaneadas por Jose Ayude, conseguiu o 4º posto.



## Grandes promesas do fútbol sala

Melide fíxose con 2 dos 6 Campionatos Intermunicipais de Fútbol que se disputaron na fin de semana do 6 e 7 de xuño en Fonte Díaz, capital de Touro, e nos que participaron máis de 250 escolares de entre 6 e 15 anos dos concellos de Arzúa, Melide, Ordes, Curtis, O Pino e Touro. Os representantes das escolas deportivas de Melide proclamáronse campións nas categorías prebenxamín (logo de vencer ao equipo de Ordes 10-5) e na categoría feminina, que lle gañou 3-2 ao Arzúa. Os alevíns conseguiron o terceiro posto e nas categorías infantil e cadete fixéronse coa prata.



## Récord de asistencia na festa dos maiores

O xantar de irmandade para os socios e socias do Centro Social de Melide non deixa de ganar adeptos. Máis de 900 persoas participaron na última edición desta xuntanza que se celebrou o pasado 31 de maio no Pazo de Congresos e exposicións. O número de asistentes superou os 800 do ano pasado e os preto de 700 que acudiron na edición anterior. A edil de Servizos Sociais, Chus López Mourón, asegura que “unha das principais satisfaccións” dende a súa chegada á concellería foi “recuperar actividades coma esta que se viñan realizando e que co bipartito se deixaron de facer”.



## Once toneladas de solidariedade

A gala benéfica do Combo Dominicano que se celebrou en Melide o 21 de maio reuniu a 3.000 persoas, segundo a organización, e conseguiu xuntar 11 toneladas de alimentos que xa foron distribuídas pola Fundación Amigos de Galicia e por Cáritas. O Concello de Melide botou man das redes sociais para dar as grazas “ás persoas que fixeron posible esta marabilla”: os integrantes do Combo Dominicano, da Asociación de Hostelería Melide Móvese, da Fundación Amigos de Galicia, de Protección Civil e de Lolo Espectáculos. “Sentímonos profundamente orgullosos do noso pobo”, escribiron.



## BENVIDO, VERÁN!!

### Clausura das Escolas Deportivas de Toques



## Final con sorpresa na 1ª Liga de Tenis de Toques



Juan Luis, Rober e Mauro, técnico de deportes de Toques

Non sempre os favoritos son os que levan o gato á auga, polo menos no que á liga de tenis de Toques se refire, onde José Luis, quinto clasificado do seu grupo, se impuxo aos seus contrincantes (todos eles cabezas de serie) na final a catro desta competición que deu comezo en xaneiro e na que participaron 17 tenistas afeccionados da comarca. Na final, que se decidiu no set de desempate, Juan Luis impúxose a Rober por 3-4 / 4-2 / 3-4 nun partido igualado que se prolongou ata as dúas horas e no que, segundo a organización, “houbo varias roturas de saque” e moitos dos xogos disputados se decidiron “tras largos deuces”.

A organización recorda, por outra banda, que segue aberto o prazo de inscrición para participar no torneo individual (masculino e feminino) que comezará o vindeiro 29 de xuño.

## Festa na Codeseira, música con esencia e o selo de Os Melidaos

Os Melidaos estrean disco: *Festa na Codeseira*, quince pezas nun repertorio que condensa en forma de música tradicional a esencia de Galicia.

Trala estrea en Santurtzi, os gaiteiros que cantan volveron á terra para presentar ante a veciñanza de Melide o seu terceiro traballo discográfico, gravado ao longo de nove meses nos Estudios Abrigueiro de Friol. Foi o 21 de xuño, coa Casa da Cultura como escenario e no transcurso dun concerto sen amplificacións no que buscaron deliberadamente o son “natural”, o libre de distorsións, o apegado ao tradicional. Buscaron, como tamén fixeron no disco, que as cancións soaran “coma os gaiteiros que se escoitaban cando eu era un rapaz”, dixo Marcelino Vázquez, un dos integrantes da agrupación.

Ese purismo no son foi trasladado con bo gusto ás pezas que forman parte de

*Festa na Codeseira*, máis da metade compostas polos propios membros do grupo, o que fai do disco un traballo “arriscado” e cunha identidade propia: o selo de Os Melidaos.

Non faltan muiñeiras, xotas, valeses, foliadas, pasodobres nin, por suposto, tampouco alalás, esa “medicina sentimental do pobo galego”, como definiu Antonio Raposo, pola que Os Melidaos teñen especial querenza e baixo a que colle forma musicada un poema recentemente descuberto de Rosalía de Castro, outra das protagonistas de *Festa na Codeseira*.

O disco, cunha notable carga simbólica, está fortemente apegado á cultura propia e de xeito especial á lingua (“o día que deixemos de cantar en galego deixaremos de ser pobo”, dixeran Os Melidaos facendo súa esta frase de Ánxel Fole). Esa lingua é na que cantaban “galegos e galegas

arredor do lume” sentados nun banco de madeira como o que presidiu o concerto de Os Melidaos, no medio e medio do escenario, o mesmo que preside tamén a portada do disco e que se converteu xa en todo un símbolo da música popular no idioma propio, á que Os Melidaos renden unha homenaxe constante.

O banco ben podería ser o empregado para cantar en calquera das festas celebradas na Codeseira, lugar concreto de Melide e nome nada casual para o álbum, dedicado “enteiramente” á “fada madriña” de Os Melidaos, Soqui Cea, a persoa “que fai que deamos un paso adiante e non atrás”. Non é a única homenaxe: tamén está no disco a pegada dos catro coros históricos de Galicia, “referente e inspiración da nosa música”, e un recordo para as asociacións culturais, “que fan que subsista o tradicional”.



Os Melidaos con Soqui Cea ao remate do concerto



Banco de madeira centenario convertido polos Melidaos nun símbolo da música cantada en galego

ROVAL  
JOYERÍA



*Colección Alianzas  
2015*



*Máis de 30 anos conseguindo  
a confianza dos nosos clientes !!*

- **Xoiería en ouro, prata e aceiro.**
- **Confíanos as túas reparacións de xoiería e relojería.**
- **Trofeos e placas conmemorativas.**
- **Todo tipo de gravacións.**

### Sabías que...?

En Xoiería Roval dispoñemos dun amplo catálogo de alianzas de voda, pero, ademais, teredes multitude de propostas de deseño á hora de elixir as vosas, poderedes personalizalas ao voso gusto, e recibiredes o mellor asesoramento e consello pola nosa parte, para conseguir que sexan do voso agrado.

## Hábitos de consumo e cambios disruptivos

Marcus Fernández, webmaster de Código Cero

Nas últimas décadas estamos a experimentar a chegada de moitas novidades tecnolóxicas que provocan grandes modificacións dos nosos hábitos de consumo nun período de tempo moi reducido, e segundo vai pasando o tempo estes cambios van producindo cada vez máis rápido e de xeito menos perceptible.

Canto tempo tardou a televisión en cores en chegar aos fogares? E os vídeos VHS? E o acceso á Internet? Se facemos memoria, percibiremos como, canto máis nova sexa a tecnoloxía, máis rápido callou entre nós. O exemplo máis claro? Pois que a versión de WhatsApp para teléfonos Android ten pouco máis de 2 anos, e actualmente é un dos xeitos de comunicarnos telematicamente máis populares. Chegou hai poucos meses e xa resulta difícil imaxinar a vida sen dita ferramenta.

Agora estamos a vivir unha transformación que vai moito máis aló da dixitalización da televisión, que supón a perda de soportes físicos, de xeito que tras pasar do VHS ao DVD e do DVD ao Blu-ray, estamos agora no borde dun

precipicio no que dar un paso cara adiante supón emprender un camiño sen retorno: diremos adeus á acumulación de películas e series de televisión no fogar e incluso ao aluguer de películas en videoclubs nos que haxa que devolver o filme tras o seu visionado.



Aínda que este cambio xa hai anos que sería posible, é de agardar que se acelere extraordinariamente nos vindeiros meses, xa que está previsto que en outubro chegue a España Netflix, unha plataforma de grande éxito nos EE.UU. que permitirá acceder baixo demanda a un grande catálogo de películas e series sempre que teñamos unha boa conexión á Internet e satisfagamos unha cantidade fixa mensual (uns 8 euros). Temos así non só unha alternativa ao videoclub tradicional, senón tamén ás polémicas descargas a través da Internet, que como

grande vantaxe ten a comodidade de acceso aos contidos e incluso a súa dispoñibilidade dende dispositivos moi variados (smartphones, tabletas, ordenadores, consolas de videoxogos...).

Non está nada claro que Netflix vaia ser a plataforma deste tipo que impere en España pero resulta innegable que este tipo de servizos audiovisuais van rematar converténdose en algo habitual, e pouco a pouco irémonos afaecendo a que certos contidos que entendiamos como produtos (i.e., unha película en DVD)

agora os vexamos como servizos. Isto vai trasladarse a moitos ámbitos das nosas vidas (as tendas tradicionais venden atención ao cliente e non só obxectos) e iso vai provocar tamén que teñamos que reivindicar unha vez máis conexións á Rede de calidade, pois os consumidores que non poñan gozar de banda larga estarán desconectados de toda unha oferta de contidos dos que doutro xeito non poderán gozar con normalidade, de xeito que a fenda dixital podería agrandarse enormemente en poucos meses se non se toman as medidas oportunas.

## A corrupción e o relativismo

Minia Varela, profesional autónoma

É moi repetida a frase de Lord Acton (1834-1902): “o poder tende a corromper, o poder absoluto corrompe absolutamente”. Xa se sabe que a democracia non é un réxime político perfecto porque a perfección, difícil en todo, aínda o é máis na política, onde se xoga con dúas cartas moi perigosas: a do poder e a dos cartos. Da mestura fraudulenta desas dúas cartas nacen os casos de corrupción.

A impresión que se causa na maioría da xente de que todos son iguais, de que todo o que pode se aproveita... fai moi difícil a tarefa de votar, sobre todo para quen non milita en ningún partido. A corrupción político-económica ten, pola contra, un caldo de cultivo que non é outro máis có relativismo sobre o moral. Se todo é relativo, o corrupto non desentoa demasiado. Por iso, o principal froito do relativismo moral é o cinismo impune.

Expresións do tipo de “non hai bos nin malos”, “cada un é libre para darse a súa propia moral”, “os valores son acordos por consenso, segundo as situacións cambiantes” e cousas semellantes teñen como consecuencia inmediata que os límites non os pon xa a con-



ciencia, senón o político, é dicir, o poder. E como o poder se aproveita das vantaxes, principalmente económicas, de aí á corrupción só hai un paso.

Se sumamos a impresión de que todos os políticos son iguais coa desorientación e a desinformación que promoven moitos medios de comunicación, comprenderase que a democracia, sempre imperfecta, estea dexenerando, algo que se nota na crecente separación entre os temas dos que falan os políticos e os asuntos que de verdade lle interesan á maioría da xente. E así, o goberno do pobo, polo pobo e para o pobo soa coma un cruel sarcasmo.

Como signo de esperanza, quero traer aquí a colación as palabras que fixo súas algún político local recordando a unha gran personaxe histórica; Abraham Lincoln: “pódese enganar a algúns todo o tempo e a todos algún tempo, pero non se pode enganar a todos todo o tempo”.

## Falar non ten cancelas

María Fernández, licenciada en Ciencias Económicas

A miúdo mentres estou na oficina, co ordenador e a internet, penso que se tivera que facer o mesmo traballo con máquina de escribir e consultando na biblioteca, pasaría semanas para facer o de un día! O mesmo pasa cos que usan o desaparafusador eléctrico (que gran invento!), as procesadoras forestais, as colleitadoras ou mesmo a lavadora.

Si, moitos adiantos modernos que aforran tempo, pero entón, preguntome eu, co meu tempo aforrado... quen se quedou? Porque a pesar da tecnoloxía, eu dedico as mesmas horas a facer o que

fago que o que estaba no meu sitio fai vinte ou trinta anos.

Tendo en conta o enorme incremento da produtividade do traballo, e deixando de lado algunhas consideracións técnicas sobre as repercusións sobre a inflación e outros efectos, quizás sería moi positivo imitar nestes días que corren a Henry Ford, que aló polo 1914 decidiu que o salario mínimo da compañía sería de 5\$ diarios por oito horas de traballo. Era máis do dobre que o salario mínimo existente (2,34\$ por nove horas).

Unha das súas frases célebres di “o segredo do meu

éxito está en pagar como se fóra pródigo e vender como se estivera en quebra”. E parece que non foi unha filosofía desatinada, porque, aínda a día de hoxe, á empresa non lle foi nada mal.

Como pensaría Ford daquela, os coches non compran coches, pero os traballadores e as traballadoras si. Son as persoas que están empregadas as que teñen que comprar os bens que se fabrican e se venden. Eu non entendo moito do tema, pero a lóxica faime pensar que con salarios máis xenerosos a xente podería



comprar máis de todo iso que hai que vender.

Imaxínade que tódolos empresarios e empresarias de Melide e comarca se deciden, se hai con que, a subir os salarios, e se non hai, a pagar

en especie. Desmelenándose, tirando a casa pola ventá, deixándose levar pola alma xenerosa que levan dentro. Porque de perdidos ó río... Animádevos, que é o peor que pode pasar?

SANDRA MEJUTO BUJÁN, ALBERGUE VILELA

## “O peregrino busca un albergue céntrico, tranquilo e que teña servizos á man”

Cando parece que a vida está xa encamiñada e asentada, prodúcense ás veces xiros inesperados que nos abren novas portas. Por eses azares do destino Sandra Mejuto acabou convertendo un céntrico edificio da rúa San Antón nun albergue con 28 prazas polo que pasan entre abril e outubro

centos de camiñantes. Logo de tres anos de experiencia, Sandra segue descubrindo día a día a cara máis amable dun traballo ao que poucos aspectos negativos lle atopa e que, asegura, a enriquece como persoa: “hai peregrinos cos que acabas tomando algo e incluso te fas amiga deles”.

**-Que foi o que a levou a montar un albergue en Melide?**

**-Sandra Mejuto (S.M.):** Foi un pouco a consecuencia da crise. Digamos que supuxo o empuxe final para sacar adiante unha idea que xa tiñamos na cabeza dende había bastante tempo. Eu levaba xa un ano no paro e non atopaba traballo. Como non vía outra alternativa, meu marido animoume e decidímonos. Levabamos dez anos vivindo en Lugo e volvemos para aquí. A verdade é que foi un cambio grande, como volver a empezar. Pensamos en montalo en Portomarín pero ao final decantámonos por Melide porque alí xa había moitos e aquí daquela aínda non había tantos. Agora xa somos uns cantos.

**-Demasiados quizais?**

**-S.M.:** Demasiados non, pero estamos nun punto de empezar a parar. Somos sete albergues privados máis o municipal. O Camiño segue tirando moito pero é como todo; tes un mes ou dous ao ano nos que incluso a xente se queda fóra pero o resto do tempo somos suficientes para a afluencia de peregrinos que hai. Se seguen abrindo máis chegará un momento en que a oferta supere a demanda. En todo caso, o máis importante é que non haxa competencia desleal.

**-A asociación de albergues privados que se constituíu hai pouco denuncia a existencia de intrusismo. En que medida lles afecta?**

**-S.M.:** Nótase bastante. Por exemplo, ao mellor tes reservado para un grupo e non aparece, chámante para cancelar ou din que non se quedan en Melide... iso é porque hai algo polo medio, está claro. É difícil



Sandra Mejuto no segundo andar do albergue que rexenta dende 2013

de combater e ás veces aínda que saibas que hai prácticas irregulares, non tes maneira de demostralo. Houbo incluso quen se ten disfrazado de peregrino para recomendarlles aos camiñantes o seu albergue. Saírlles ao camiño con publicidade é moi frecuente a pesar de que está prohibido... Esperamos que a asociación sexa útil para acabar co intrusismo e coas malas prácticas.

**-Que servizos ofrece Albergue Vilela?**

**-S.M.:** Wifi gratis, que é imprescindible para os peregrinos, ordenadores, lavadora e secadora, tendedeiro e tamén cociña. Isto é algo que demandan moito. Quen fai o Camiño dende Sarria chega a Santiago axiña pero quen bota trinta días camiñando agradece poder facer a súa propia comida.

**-Que é o que máis valoran os peregrinos?**

**-S.M.:** Valoran moito a atención persoal e tamén a situación. Cando reservan sempre preguntan onde está o albergue. Chegan cansados e non queren ter que seguir camiñando para acceder aos servizos. Gústalles telos á man; estar no centro e ao mesmo tempo nunha zona tranquila.

**-Cales son os principais lugares de procedencia?**

**-S.M.:** Os que máis hai son españois, portugueses, alemáns e italianos. Ultimamente notamos que cada vez é maior a afluencia de peregrinos procedentes de Asia: moitos coreanos, xaponeses e chinos.

**-Teño a sensación de que vostedes cumpren a función da oficina turística**

**que non existe en Melide. Chegan moi despistados os camiñantes?**

**-S.M.:** Bastante. Pregúntanche polo médico, pola farmacia, polo supermercado, a onde poden ir comer, que é o típico de Melide, se lle reservas albergue na seguinte vila, se lle buscas aloxamento en Santiago, horarios de buses... e incluso che piden que lles busques billetes de avión para volver para a casa. Hai días que botas todo o tempo así; non fas un traballo de xestión, pero estás con eles.

**-O peregrino é un visitante de paso. Dá tempo a establecer relación e coñecer as súas vivencias?**

**-S.M.:** Hai peregrinos que ven e non che dan pé a nada; rexístranse e non volves saber nada máis deles en todo o día.

“Este traballo resulta moi satisfactorio a nivel persoal; non esperaba que fose así”

“Agardo que a asociación de albergues sexa útil para acabar co intrusismo e as malas praxes”

Pola contra, hai outra xente que che conta toda a súa experiencia no Camiño, cos que botas todo o día falando e ata acabas tomando algo. Incluso fas amigos. Estoume lembrando dun peregrino de Alemaña que quedou un día no albergue. Cando chegou a Santiago ía ir a Madrid tres días para coñecer a cidade pero ao final quedou eses tres días aquí. Despois volveu en setembro e este ano virá outra vez, pero xa non para facer o Camiño, senón visitar Melide. A nivel persoal este traballo dáche moitas cousas. Non esperaba que fora así, pero resulta moi satisfactorio.

**Albergue Vilela**

**Tlf: 616 011 375  
R/ San Antón, 2**

# AHORA EN MELIDE MULTIÓPTICAS

Tábora

Nº1 en  
servicios  
ópticos



***Abrimos los sábados por la mañana***

*Multiópticas Tábora  
Ronda da Coruña, 20 Bajo  
15800 Melide - A Coruña  
Tlfn.: 981 50 51 99*

*Multiópticas y  
Microaudio*